

Respostas dadas a certas cuestións formuladas por empresas respecto dos pregos da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso á Internet e o subministro de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia

Cuestión 1)

No Párrafo [6] do Prego de prescricións técnicas se indica o seguinte:

- [6]. Así mesmo, para a correcta prestación do servizo e para facilitar a xestión dos dispositivos móbiles, tanto os que son propiedade do PG coma os propios dos usuarios (Bring Your Own Device - BYOD), será preciso contar cun xestor de dispositivos móbiles (MDM). Este xestor contribuirá á seguridade das comunicacións dos dispositivos e a garantir o axeitado emprego deles de acordo coa política de seguridade do Parlamento de Galicia.

Consulta: Entendemos que neste párrafo se está a pedir que se inclúan os dispositivos particulares dos parlamentarios (BYOD) na plataforma MDM. Para poder preparar a oferta necesitaríase coñecer o número de dispositivos que sería necesario incluír, xa que non se indica no prego.

Resposta:

Para a solución MDM indícase que se conta co AirWatch Orange Management Suite para 90 dispositivos. Ademais, tamén se conta con 2 certificados (wildcard) comodín (*.parlamentodegalicia.gal e *.parlamentodegalicia.es) e que é preciso manter (punto [182] do PPT). A través do MDM só se xestionarán os 90 teléfonos móbiles corporativos.

Non obstante, para a solución de control de acceso (para a xestión dos dispositivos particulares dos parlamentarios, do persoal ao servizo do Parlamento, xornalistas e visitas) estímase unha necesidade dunhas 2.000 licenzas para dar soporte aos dispositivos BYOD.

Cuestión 2)

Volumetría de móbil:

Na volumetría móbil indicada no Párrafo [195] do Prego de prescricións técnicas indicáse o seguinte:



PARLAMENTO DE GALICIA

Tipo	Número	Cantidad
Acceso contidos tarificación adicional	0	0 minutos
Datos en itinerancia	2.135	8.557,72 megabytes
Chamadas itinerancia	1.398	3954,41 minutos
Chamadas internacionais	983	5519,41 minutos
Interno buzón	809	909,83 minutos
Interno corporativo	57.279	86354,81 minutos
Interno móbiles ²	66.094	188924,05 minutos
Mensaxes especiais	0	0 minutos
Mensaxes intern. en itinerancia	9	0 minutos
Mensaxes internacionais	211	0 minutos
Mensaxes ao mesmo operador	12.478	0 minutos
Mensaxes curtas en itinerancia ³	416	0 minutos
Mensaxes Multimedia	363	84,68 megabytes
Mensaxes Multimedia en itiner.	14	2,64 megabytes
Mensaxes Oper. Nac. en itiner. ⁴	26	0 minutos
Mensaxes Operadores nacionais ³	1.327	0 minutos
Chamadas recibidas en itiner.	792	2.447,67 minutos
Resto tráfico nacional	747	2.772,67 minutos
Servicios especiais roaming	5	11,51 minutos
Sms ilimitados	13.164	0 minutos
Tráfico nac. outros operadores móbiles	72.027	229.039,32 minutos
Tráfico nac. Fixos	15.861	29.734,14 minutos

² Chamadas nacionais a móbiles do mesmo operador non corporativos

³ Con destino ao mesmo operador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

⁴ Outros operadores distintos do licitador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

Tipo	Número	Cantidad
Videotelefonía nacional	16	25,64 minutos
Datos Internet	81 dispositivos	

Táboa 8. Detalle de chamadas móbiles ano 2015

Consulta: Nesta volumetría se indica o consumo de datos en itinerancia, pero non se detalla o consumo de datos en territorio nacional. Se indica soamente que hay 81 dispositivos con “Datos Internet”. Necesitaríase que se aclarase o consumo de datos en territorio nacional, ao igual que se fai con o de itinerancia.

Resposta:

No punto [189] do PPT indícase: Tarifa plana de datos (2 GB mensuais) sen custo adicional por excesos, para os 81 dispositivos con Datos Internet

Cuestión 3)

¿Poderían facilitar o detalle das zonas xeográficas da chamadas en itinerancia e chamadas internacionais?

Resposta:

O detalle dos consumos pasados sobre estes aspectos non se consideran indicativos nin relevantes dos posibles consumos que se poidan realizar no futuro, considerando suficientes a este respecto os datos reflictidos na táboa 8 do prego de prescricións técnicas (páxina 157660 do BOPG nº 690, do 12-08-2016)

Cuestión 4)

¿Tipo de fibra existente en la actualidad?

Resposta:

No punto [23] do PPT indícase o tipo de fibra existente (multimodo 62.5/125 con conectores ST e multimodo 50/125 con conectores SC).

Cuestión 5)

¿Pueden decirnos el Part number exacto del c220 M2?

Resposta:

O modelo é UCS C200M2. Os números de serie: QCI1619A4IT e QCI1620A4BU

Cuestión 6)

Versiones de CUCM y Attendant Console

Resposta:

Versión de CUCM: 8.6.2.25142-1; versión de Attendant Console: OPR.8.6.2.611

Cuestión 7)

¿El Cisco Unified Operations Manager 8.x se va a seguir manteniendo?

Resposta:

Sí, é preciso manter todo o equipamento e todas as licenzas recollidas nos pregos (sempre que non sexan propiedade do actual adxudicatario; nestes casos, faise mención no PPT a dito feito).

Cuestión 8)

2 switches Cisco 2960 propiedade do operador actual: ¿Pueden decírnos el modelo exacto o por lo menos número de puertos, PoE, uplinks, stack, nivel 2, fuente redundante...?

Resposta:

Son 2 Cisco Catalyst 2960-24-TC-L (24 portos 10/100 (10BaseT/100BaseTX), configuración activo/pasivo, 2 portos de uplink 10/100/1000, fontes de alimentación redundantes)

Cuestión 9)

Acceso a internet: Para los 2 switches en sustitución de los Cisco Catalyst 3560 del operador actual, mismas preguntas que el punto anterior. ¿Nivel 3?

Resposta:

O actual adxudicatario está a empregar uns Juniper EX4200 Series 8 POE (especificacións completas na páxina do fabricante). Fontes de alimentación redundantes.

O equipamento do operador é administrado polo operador, polo que o Parlamento descoñece as configuracións do mesmo. No PPT, nos puntos 4.2 Central de telefonía fixa e 4.8.1 Acceso corporativo descríbese equipamento de operador, que os licitadores deberán aportar e manter, pero que non ten porque coincidir en número e características co actual; o que se está a requirir é a provisión dun servizo, non a subministración de equipamento.

Para a parte do acceso á Internet cabe destacar que as solucións deberán provisionarse con **fibras adicadas**, e en ningún caso con solucións que sexan compartidas con outros clientes do operador.



Recórdase a posibilidade de realizar unha visita presencial para resolver calquera dúbida.